



REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA
PONTEVEDRA

Data 16/09/2015 09:07:15

SAÍDA 103850 / RX 1220701



**ASOCIACIÓN ANPA O AREEIRO DO C.E.I.P. SAN BENITO DE
LÉREZ**
R/ O CRUCEIRO, 57-C.E.I.P SAN BENITO DE LÉREZ
36156 PONTEVEDRA

Asunto: Resolución de inscrición de modificación de estatutos da **ASOCIACIÓN ANPA O AREEIRO DO C.E.I.P. SAN BENITO DE LÉREZ**

Examinado o expediente de solicitude de inscrición da modificación dos estatutos da **ASOCIACIÓN ANPA O AREEIRO DO C.E.I.P. SAN BENITO DE LÉREZ**, inscrita co **núm. 1984/001225-1** neste Rexistro Provincial de Asociacións, e tendo en conta os seguintes

FEITOS:

Primeiro. Con data 03/07/2015 recibíuse a solicitude para a inscrición da modificación dos estatutos, aprobados por acordo da Asemblea Xeral en data 08/06/2015, segundo consta na certificación que acompañan á solicitude.

Segundo. Os estatutos presentados, que substitúen aos anteriormente inscritos, conteñen os requisitos esixidos na normativa vixente.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. Esta Xefatura Territorial é competente para resolver a inscrición solicitada, en virtude do previsto no Decreto 336/1996, do 13 de setembro sobre asunción de funcións e servizos, pola Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de asociacións, Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro central de Asociacións e se regula a organización e funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, e Decreto 72/2013, de 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Segundo. A Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, establece no artigo 28 que deben inscribirse correspondente rexistro as modificacións dos estatutos, e o Real decreto 1497/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do rexistro nacional de asociacións e das súas relacións cos restantes rexistros de asociacións, regula no artigo 10 a documentación que debe presentarse para a inscrición da modificación dos estatutos.

Terceiro. Analizada a documentación que consta no expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa vixente para a súa inscrición no Rexistro de asociacións desta Comunidade Autónoma

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, **RESOLVO:**

Visar os estatutos modificados e ordenar a súa inscrición no Rexistro de Asociacións, para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo de un mes, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Pontevedra, 11 de setembro de 2015

O xefe territorial

Ramón Pereiro Santín



ESTATUTOS DA ANPA "O AREEIRO" DO C.E.I.P. SAN BENITO DE LEREZ

CAPITULO I

DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO, ÁMBITO:

Artigo 1º.: Procédese a modifica-los estatutos da asociación denominada "ASOCIACION DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS "O AREEIRO" DO C.E.I.P. SAN BENITO DE LEREZ" con nº de inscrición no Rexistro Provincial, de asociacións sen ánimo de lucro 1984/1225-1 e CIF G36030229"

Artigo 2º.: Esta Asociación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 3º.: Terá como fins os seguintes puntos:

- a) Asistir ós pais, nais e titores/as en todo aquilo que concerne á educación dos seus fillos/as e pupilos/as.
- b) Colaborar nas actividades educativas e extraescolares do Centro.
- c) Promove-la participación dos pais e nais dos alumnos/as na xestión do Centro.
- d) Asistir ós pais e nais dos alumnos/as no exercicio do seu dereito a intervir no control e xestión do Centro.
- e) Facilita-la representación dos pais e nais de alumnos/as no Consello Escolar do Centro.
- f) Estimula-la participación dos pais e nais de alumnos/as na programación xeral do ensino a través do órgano colexiado correspondente.
- g) Fomenta-las relacións de cooperación do Centro con outros establecementos escolares e os sectores sociais e culturais do entorno.
- h) Requirir ós poderes públicos o cumprimento das leis, regulamentos e plans de actuación relativos á educación, recabando a atención e axudas que esta merece.
- i) Promover actividades formativas, culturais e de estudio.
- l) Promover reunións de colaboración de pais e nais co profesorado e as boas relacións entre ámbolos dous sectores.
- m) E todos aqueles outros non recollidos nos estatutos e que sexan conformes á lei.
- n) Promove-la integración dos nenos/as con necesidades especiais.
- ñ) Reivindicar e participar nos Consellos Escolares Municipais.
- o) Promover federacións municipais e participar na federación provincial.
- p) Promover xornadas de traballo e convivencia entre pais e nais, alumnado e profesorado.



[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

Artigo 4º.: Para o cumprimento destes fins, realizaranse, loxicamente, todas aquelas actividades formativas, culturais e de estudio e reunións con tódolos sectores da comunidade educativa e todas aquelas outras tendentes a cumprir os fins sinalados e que sexan conformes á lei e decididas polos órganos competentes.

Artigo 5º.: A). Para a realización das actividades que lle son propias, a Asociación utilizará locais do Centro, para o que o Director facilitará a integración de devanditas actividades na vida escolar tendo en conta o normal desenvolvemento da mesma.

B). A efectos da utilización dos locais do Centro a que se refire o apartado anterior, será necesaria a previa comunicación da Xunta Directiva da Asociación á Dirección do Centro.

Artigo 6º.: Para o mellor cumprimento dos fins, esta Asociación intégrase na Federación Provincial de A.P.A.s de Centros Públicos de Pontevedra e conxuntamente con outras A.P.A.s na Confederación Galega de A.P.A.s de Centros Públicos (CONFAPA-GALICIA) e a nivel estatal na Confederación Española de A.P.A.s (CEAPA). Tamén a Asociación podería participar noutras iniciativas de ámbito municipal e/ou comarcal que puidesen xurdir.

Artigo 7º.: O domicilio fíxase no C.E.I.P. San Benito de Lerez C/ Cruceiro, Nº 57 , CP 36156, Lerez, Pontevedra. O teléfono de contacto é 628.535.855 e o correo electrónico é anpa.areeiro@nontedurmas.org .

Artigo 8º.: O ámbito social da Asociación é local (ou alcanzará a tódolos concellos onde residan os alumnos do Centro Educativo).

CAPÍTULO II

ÓRGANO DE REPRESENTACIÓN

Artigo 9º.: A Asociación estará representada e administrada por unha Xunta Directiva formada por:

- Presidente/a,
- Secretario/a,
- Administrador/a-Tesoureiro/a,
- Vocais: Un mínimo de 2.

Tódolos cargos que compoñen a Xunta Directiva non recibirán ningunha retribución .Estes serán designados e revocados pola Asamblea Xeral Extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de dous anos, renovándose a partir do segundo ano, cada ano a metade dos membros.

Artigo 10.: Os membros da Xunta Directiva que esgotaran o prazo para o que foron elixidos, continuarán ostentando o seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación dos que os van substituír.

Artigo 11º.: A elección dos membros da Xunta Directiva pola correspondente Asamblea, será polo procedemento de listas abertas.



[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

Artigo 12º.: A Xunta Directiva sera votada na Asamblea Xeral Extraordinaria. Esta elixirá de entre os seus membros os cargos correspondentes e quedara constituída no prazo de 10 días naturais despois da realización da Asamblea Xeral Extraordinaria. E despois informárase os socios da súa composición.

Artigo 13º.: As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asamblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 personas, que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro.

Artigo 14º.: As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral, a tódolos actos propios das finalidades da Asociación, sempre que non requira, segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asamblea Xeral. Son facultades particulares da Xunta Directiva:

- a) Programar e dirixi-las actividades da Asociación e leva-la xestión económica e administrativa, acordando realiza-los oportunos actos e contratos.
- b) Executa-los acordos da Asamblea Xeral.
- c) Formular e someter á aprobación da Asamblea Xeral os balances, contas e programa anual de actividades.
- d) Resolver sobre a admisión de socios se fose necesario.
- e) Nomear delegados para algunha determinada actividade da Asociación.
- f) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asamblea e sexa conforme segundo á lei.
- g) Salvagardar o cumprimento dos fins estatutarios.

Artigo 15º.: a) A Xunta Directiva será convocada polo presidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes.

b) Para que os acordos da Xunta Directiva sexan validos, deberan ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, da metade mais un dos seus membros e, en todo caso, do presidente e secretario ou persoa que o substitua. O secretario ou, no seu defecto, o vogal que o substitua, levantara acta das sesións, que se transcribirá o libro de actas.

Artigo 16º.: O Presidente/a terá as seguintes atribucións: Representar legalmente á Asociación ante toda clase de Organismos Públicos ou privados; convocar, presidir e levanta-las sesións que celebre la Asamblea Xeral e a Xunta Directiva, así como dirixi-las deliberacións dunha e doutra; ordenar pagos e asinar xunto co Administrador/a-Tesoureiro/a os libramentos, cheques, etc.; recibir no nome da Asociación calquera cantidade proveniente de subvencións de Entidades Públicas e/ou privadas; autorizar coa súa sinatura os documentos, actos e correspondencia da Asociación; adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle, ou no desenrolo da súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva; asumirá tamén, en todo caso, tódalas facultades que a Lei establece.

Artigo 17º.: O Secretario/a terá ó seu cargo a Dirección dos traballos meramente administrativos da Asociación, expedirá certificacións, levará os Libros da Asociación legalmente establecidos e o ficheiro de



Coasebo

ESP. V.M.H.

[Signature]

[Signature]

Asociados e custodiará a documentación da Entidade, facendo que se cursen as comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribibles nos correspondentes rexistros, así como a presentación das contas anuais e do programa de actividades e o cumprimento das obrigas documentais, nos termos que legalmente correspondan; ademais velará pola conservación do locais sociais e gardará o selo da Asociación.

Artigo 18º.: O Administrador/a-Tesoureiro/a estará encargado de recadar e conserva-los fondos e bens da Asociación. Levará o Libro de Caixa e asinará os libramentos de fondos xunto co Presidente/a; elaborará o proxecto de presupostos que a Xunta Directiva debe presentar ante a Asamblea Xeral e preparará as contas que deban someterse a dita Asamblea.

Artigo 19º.: Os Vocais terán as obrigas propias do seu cargo como membro da Xunta Directiva e poderán recibir por acordo desta o encargo de presidir ou coordinar grupos de traballo, así como a execución de encargos, comisións, representacións e outras tarefas que pola Xunta Directiva lle fosen encomendadas.

Artigo 20º.: As vacantes que se puidesen producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente entre os devanditos membros ata a elección definitiva pola Asamblea Xeral.

CAPÍTULO III

ASAMBLEA XERAL

Artigo 21º.: A Asamblea Xeral é o órgano supremo e soberano da Asociación e estará integrada por tódolos socios/as.

Artigo 22º.: As reunións da Asamblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. Será obrigado celebrar como mínimo unha Asamblea Xeral ordinaria ó ano, dentro dos catro meses seguintes ó peche do exercicio e nela propoñeráse a aprobación das contas e presupostos e programa xeral da actuación social. Tamén nela se procederá á elección de membros da Xunta Directiva cando corresponda por imperativo estatutario; as extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do Presidente, cando a Xunta Directiva o acorde ou cando o pida ou solicite formalmente por escrito ó menos un tercio dos asociados.

Artigo 23º.: As convocatorias das Assembleas realizaranse por escrito expresando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día concretando os asuntos a tratar. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración das Assembleas Xerais Ordinarias ou Extraordinarias haberán de mediar ó menos 15 días facendo constar a hora na que se reunirá a Asamblea na cal entre unha convocatoria e outra poida mediar un prazo inferior a media hora. A notificación para as mesmas farase nos locais da asociación para as Assembleas Ordinarias e no domicilio dos asociados para as Assembleas Extraordinarias.

Artigo 24º.: As Assembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos asociados e en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de asociados presentes. Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen os negativos non sendo computables a estes efectos os votos en branco nin as abstencións.



Artigo 25º.: Será necesario o voto favorable dos dous tercios dos asociados presentes na Asamblea para adoptar as seguintes decisións:

- a) Nomeamento e cese dos integrantes da Xunta Directiva.
- b) Disposición e alleamento de bens.
- c) Solicitude de Declaración de utilidade Pública da Asociación.
- d) Integración en Federacións.
- e) Modificación Estatutaria.
- f) Acordar a disolución da asociación.
- g) Designar os/as liquidadores.
- h) Ratificar a expulsión de asociados e asociadas a proposta da Xunta Directiva.

CAPÍTULO IV

SOCIOS

Artigo 26º.: Poderán ser membros da Asociación tódolos pais, nais ou titores/as dos alumnos/as que cursan estudos no C.E.I.P. San Benito de Lerez. . Cada familia aporta unha única cota, coa que se integran como membros da Asociación, disfrutando dos dereitos e deberes que isto conleva.

Artigo 27º.: Serán dereitos dos asociados/as:

- a) Elixir, ser elixible para tódalas funcións representativas da Asociación.
- b) Ter voz e voto nas reunións da Asociación.
- c) Tomar parte en tódalas actividades da Asociación e utiliza-los servicios que poidan establecerse en beneficio dos socios.
- d) Dirixir peticións e propoñer iniciativas ós Órganos de Goberno da Asociación.
- e) Recadar e recibir da Xunta Directiva canta información precisen sobre a xestión asociativa.
- f) Asistir a tódalas reunións e actos convocados pola Xunta Directiva.
- g) Colaborar activamente no cumprimento dos fins da Asociación e na execución e eficacia dos mesmos.

Artigo 28º.: Serán deberes dos socios/as:

- a) Observar e cumpri-los estatutos da Asociación e os acordos da Asamblea.



[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

b) Contribuír economicamente ó sostemento da asociación na forma e modo que se estableza.

Artigo 29º.: Causarase baixa na Asociación:

- a) Por petición do interesado/a.
- b) Por baixa dos fillos/as ou tutelados/as matriculados no Centro.
- c) Por incumprimento dos Estatutos.
- d) Por utilización da Asociación con fins alleos ós específicos da mesma.

Para excluír a calquera socio/a polas causas do apartado c) e mais d) do anterior artigo, deberá abrirse un expediente pola Xunta Directiva no que se sinalarán detalladamente os feitos que orixinan a expulsión. Do mesmo xeito, deberase oír ó propio expedientado que poderá presentar un prego de descargo alegando o que considere conveniente na súa defensa e que se unirá o expediente que estudiará a Xunta Directiva e propoñerá a decisión que considere oportuna. Se optase pola expulsión, presentaraa na próxima Asamblea Xeral que despois de oír á Xunta Directiva e ó Socio/a, se o solicitase, tomará unha decisión que será inapelable.

CAPÍTULO V

PATRIMONIO

Artigo 30º.: Os recursos económicos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a) As cotas dos socios extraordinarias, que serán determinadas pola Asamblea Xeral a proposta da Xunta Directiva.
- b) As subvencións, legados ou doazóns que puidera recibir de forma legal e que sexan aceptados, tanto que proveñan de persoas físicas como xurídicas.
- c) Calquera outro recurso de procedencia lícita.

Artigo 31º.: A Asociación dispón a fecha do 23/06/2015 de 867,31€. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

Artigo 32º.: O exercicio asociativo e económico coincidirá co inicio e finalización do curso escolar que fixe a Administración Educativa para cada ano académico.

CAPÍTULO VI

REGULAMENTO DO REXIME INTERNO

Artigo 33º.: O regulamento de rexime interno, no seu caso, desenvolvera aquelas materias non contempladas directamente nos presentes estatutos, como o procedemento de elección dos membros da Xunta Directiva e o procedemento disciplinario, non podendo ir en ningún caso en contra do



Esp V.Mh

SA

[Handwritten signature]

estipulado neles. en todo caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido o ordenamento xurisdiccional civil.



Inscrita a modificación por resolución da asociación n.º 1987/1225-1 SET. 2015 aos sóos efectos de publicidade de conformidade co artigo 22 da constitución e artigo 16 da L.O. 1/2002. Pontevedra de 11 SET. 2015



Asido: M^a del Carmen Iglesias Rodríguez

CAPÍTULO VII

MODIFICACION DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACION

Artigo 34º.: Esta Asociación disolverase voluntariamente cando así o acorden a Asamblea Xeral convocada ó efecto e por acordo dunha maioría dos dous tercios dos asociados.

Artigo 35º.: En caso de disolución nomearase unha comisión liquidadora, a cal, unha vez extinguidas as débedas e de existir sobrante líquido destinarase a aquelas entidades sen fin de lucro adicadas á realización de fins educativos cun espírito similar ó que anima a esta asociación e que se sinalará na Asamblea Xeral na que se acorde a liquidación.

Artigo 36º.: Os presentes estatutos so poderan ser modificados por acordo da Asamblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto, adoptado polas 2/3 partes dos asociados. A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto das modificacións propostas.

Dona Notburga Adara Gimenez Evangele na sua calidade de secretaria da asociación Anpa " O AREEIRO" fai constar que os ditos estatutos modificados en Asamblea Xeral celebrada o 08 de xuño do 2015. para cumprir cos requisitos establecidos na disposición transitoria primeira da lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

18 de xuño do 2015



ESP. V.M.